

influencia del *Curial* sobre el *Tirant*. También como contribución a la comprensión del texto, Barberà ha incorporado a la traducción la versión de dos textos omitidos en el manuscrito pero anunciados por el autor anónimo, ya que el copista respetó los espacios en blanco correspondientes. Hablamos de la descripción de Héctor a partir de la *Historia troiana* (pp. 329-330), de Guido delle Colonne, y de la *Cançó de l'aurifany*, de Rigaut de Berbezilh (pp. 362-363). Más aún, Barberà nos ofrece en nota la traducción de la pundorosa remisión textual del autor del *Curial* a los amores de Jasón y Medea (pp. 419-429) y completa todas las citas de la *Divina Comedia* en italiano que aparecen en el *Curial* (por ejemplo, en III.25, la traducción de los versos 124-126 del *Inferno*).

Sin duda, la traducción francesa de Barberà es un texto lingüísticamente muy cuidado y accesible, pensado para un público amplio, pero con inquietudes culturales, que debería contribuir a divulgar entre la romanística una de las mejores muestras de la literatura medieval europea del siglo XV, hasta ahora casi ignorada fuera del ámbito hispánico.

Vicent Josep Escartí
(Universitat de València)

FRÍAS CONDE, Xavier (2007): *Inmolación esférica*, El taller del poeta, 57 pp.

FRÍAS CONDE, Xavier (2009): *Fique tranquilo*, El taller del poeta, 62 pp.

Tirados do prelo de El taller del poeta, unha editorial pontevedresa cunha metodoloxía de traballo axeitada a estes novos tempos tecnolóxicos que, máis que correr, voan, preséntansenos dous libriños do profesor Xavier Frías Conde, ben coñecido e prezado pola súa incansábel defensa da lingua e da cultura autóctonas da comarca do Eo-Navia, administrativamente en terras asturianas mais cunha secular relación con Galiza.

Os dous libros seguen un esquema semellante. Son microrrelatos cuxas historias (agás unha excepción na que a continuidade é explícita) están conectadas polas temáticas tratadas e, nomeadamente, por unha fonda retranca, unha ironía que ás veces doe e outras veces nos leva á reflexión cun sorriso, algo torto, nos beizos. De feito, algún dos microrrelatos posúen a estrutura típica do chiste («Amor e metamorfose» de *Inmolación esférica*)

Inmolación esférica, o primeiro deles, foi publicado no ano 2007 e, dentro do «surrealismo do real» que paira sobre ambas as obras, poida que estea máis achegado ao mundo do cotián ca *Fique tranquilo*. Un dos temas que, case que de maneira obsesiva, nos presenta Frías Conde é o da relixión e como ela vai de par da violencia, moitas veces contra dun propio como é, de feito, a inmoliación («Djihadista»). Esta relixión violenta, desasisada e absolutamente fanática venciase explícitamente á trindade do islamismo, o cristianismo e o fútbol (de aí o título da colección de relatos). A crítica, cargada de ironía, tamén vai para os políticos («O segredo da presidenta») e para a sociedade materialista en que vivimos («Fiel á publicidade»).

Outra das temáticas fundamentais é o carácter contraditorio do ser humano e mesmo da vida. Dentro da sección das contradicións da vida (ou, polo menos, das nosas vidas) na súa faceta máis cruel, despiadada e, asemade, real, temos o relato «Dura lex, sed lex», posibelmente un dos relatos máis emotivos da obra. Por outra banda, o motivo do tabaco ten unha forte presenza en varios dos relatos deste volume («Premonición cilíndrica» ou «A lingua das eirugas»).

Pódese salientar o relato «O derradeiro desexo do avó» como un digno herdeiro do xenial Castelao de *Cousas*. Tamén pode lembrar a esa obra do rianxeiro o relato triplo chamado «Viva o Santo Fundador», onde a morte, o misterio e a crítica á relixión van da man.

En *Fique tranquilo*, a obra de 2009, atopámonos, no comezo, cuns relatos un pouco máis longos ca os de *Inmolación esférica*, mais o libro remata con relatos máis curtos. Moitos das historias que Frías Conde nos conta nestoutro libro amosan a oposición entre a vida real e as normas, as leis («Da propia menciña», ou o relato «Vinganza legal» do primeiro dos libros). Outra temática tamén moi presente nos dous libros é a das novas tecnoloxías e a súa influencia nas relacións humanas e, especialmente, nas de índole sexual ou afectiva («Intermediario sentimental»).

Autenticamente satírico e actual é o relato «Desculpen a miña velocidade», onde o autor desmonta, moi acertadamente, esa falsa preocupación dos poderes estatais pola seguranza e polo benestar dos seus súbditos. E dentro desta crítica ao aparello dos poderes políticos é tamén omnipresente a crítica aos irracionais *per se* axentes da lei e da orde e ao antiintellectualismo militante dunha boa porción deles («Voluntario»).

Polo xeral, neste segunda obra as situacións, malia adoitaren ser cotiás, teñen unha compoñente surrealista máis marcada ca os relatos de *Inmolación esférica* («Mergullo»), sen que falten os relatos deste tipo na primeira das dúas obras («Ocupación desleal»). Cómpre engadir que algúns dos relatos de *Fique tranquilo* se sitúan explicitamente na cidade de Madrid.

Canto á lingua empregada nestas dúas coleccións de relatos, Frías Conde emprega un galego estándar con certos lusismos no léxico (na liña do que propón o filólogo Ramón Freixeiro Mato), servíndose dunha linguaxe coloquial que nos achega a ese mundo do habitual en que se sitúan os relatos.

En resumo, en *Inmolación esférica* e en *Fique tranquilo* atopamos a ironía e o surreal do cotián expresado nuns pequenos relatos que, nalgúns casos, beben da tradición literaria galega máis retranqueira.

Suso Alpiste Pérez